



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDEENACIÓN UNIVERSITARIA

ANUNCIO DO SORTEO PÚBLICO ANUAL DAS LETRAS DE PRIORIDADE PARA RESOLVER OS EMPATES NO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO NO CURSO 2013/14.

Por Decreto 254/2012, do 13 de decembro, DOG do 26, regúlase a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e por Orde do 12 de marzo de 2013 desenvólvese o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros sostidos con fondos públicos.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en cumprimento do previsto no artigo 29 en relación coa disposición transitoria primeira da devandita Orde do 12 de marzo, **anuncia** a celebración do acto público de sorteo no que se extraerán as letras de prioridade do primeiro e segundo apelido, para resolver os empates na puntuación das alumnas e alumnos no proceso do próximo curso 2013/2014.

Día: 22 de marzo de 2013.

Hora: 11:00 h.

Lugar: Sala de Xuntas B da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Edificio Administrativo de San Caetano, 1º andar. Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2013

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez